



# Camiño Mariñán

## de peregrinación



ALFREDO ERÍAS, JOSÉ FRANCISCO CASTRO,  
EDUARDO MUÑOZ (DA ASOCIACIÓN DE CUSTODIA DO  
PATRIMONIO CULTURAL «VEDOREIRA») E JOSÉ SOTO  
(DA ASOCIACIÓN «REFUXIOS DO RÍO MANDEO»)

*Fotos e debuxos: Erias*

**A** arredor de 1950, don Francisco Vales Villamarín pensou que era necesario facer un estudio, aínda que fose rápido, dos camiños xacobeos que pasaban por Betanzos, xa que ninguén escribira nada ó respecto.

Dividiu o traballo en 4 itinerarios.

O primeiro sería o que podemos chamar CAMIÑO MARIÑÁN e iníciase no porto de Fontán en Sada, pasa polas terras de Bergondo e chega a Betanzos.

O segundo é o CAMIÑO INGLÉS que parte dos portos de Mugar dos, O Seixo e Ferrol e pasa por Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño e Paderne para chegar ó santuario de Nosa Señora do Camiño en Betanzos.

O terceiro é o CAMIÑO DO NORTE que parte de Oviedo, pasa por Ribadeo, Mondoñedo e Vilalba e desde aquí conflúe co CAMIÑO INGLÉS no popular e xa mencionado santuario de Nosa Señora do Camiño, ou dos Remedios, en Betanzos.

E, finalmente, o cuarto é o que, unidos os tres anteriores, parte de Betanzos cara a Santiago de Compostela.

Estes traballos, máis un específico sobre o santuario dos Remedios, de Betanzos, uniunos todos don Francisco nun longuísmo discurso que leu en 1955 na súa entrada como membro da Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario da Coruña.

Sen embargo, non os publicou xuntos. Empezou polo Santuario dos Remedios no 1968. Seguiu polo cuarto itinerario no 1975, na revista *La Coruña, paraíso del turismo*. E o traballo que nos importa agora, o primeiro itinerario, xunto co segundo e terceiro, perdeuse.

Pasou o tempo e o seu fillo José-Domingo, que, sendo neno, fixera varias viaxes con el por este CAMIÑO MARIÑÁN, atopou a parte perdida e aínda recordo a súa ledicia cando me chamou para dicirmo. Publicouse no *Anuario*

*Brigantino 2002*, vinte anos despois do falecemento do autor. Pero, hoxe, todos estes traballos están no *Anuario Brigantino* e, polo tanto, poden consultarse e baixarse en Internet.

Aínda que non o pareza, 1950 era outro mundo. Díciame José Domingo que fixeran varias viaxes a distintos puntos do camiño no autobús Sada-Betanzos dun tal Don Elías. E recordaba que este simpático señor, cando subía unha señora, dicía: *¡caballeros, una señora!* E se ninguén lle deixaba o sitio, engadía: *¡señora, no hay caballeros!*

Resulta moi gratificante ver que un traballo de investigación, feito hai algo máis de medio século por un esforzado e non subvencionado investigador, xa está tendo efectos positivos sobre a recuperación dun camiño antigo, xacobeo, e todo o que iso supón. De feito, a inmensa maior parte das investigacións que se fan en Ciencias Sociais en Galicia, son custeadas romanticamente polos autores, que simplemente queren poñer en valor a riqueza patrimonial da nosa terra. Polo tanto, o noso recoñecemento a todos eles, hoxe representados na figura entrañable do vello mestre Vales Villamarín, creador no 1948 do *Anuario Brigantino*, que aínda hoxe sale puntualmente, ano tras ano.

Fagamos algunha reflexión sobre os camiños de peregrinación.

Primeiro é a idea e necesidade dos camiños e despois por eles pasan, século tras século, todo tipo de xente con intereses moi diferentes.

En Galicia, un paraíso antigo, produtor de xente que, por presión demográfica está emigrando desde a Prehistoria (digamos que desde o final das glaciacións, polo 8000 aC) os camiños máis antigos son, polo menos, da Idade do Bronce e serían continuados e aumentados polos romanos.

Naturalmente, por eses camiños había peregrinos moito antes do cristianismo. Eran peregrinos a santuarios concretos en diversos lugares, pero o que nos importa agora é o gran camiño de peregrinación a Occidente. Ese camiño afunde as súas raíces no máis íntimo da historia das comunidades humanas do Hemisferio Norte. Descubrímolos a nivel iconográfico nos numerosos deuses solares que atravesan o ceo nunha barca (como en Exipto), pero sobre todo nun carro, tirado frecuentemente por cabalos, pero tamén ás veces por cervos. Vemos carros solares na India (levando a Surya), en China, en Mesopotamia, en Grecia e Roma (con Helios e Apolo), no mundo celta...

E a pregunta é: a onde van todos eses carros? Pois todos veñen cara as costas atlánticas, cara os finisterres, porque todos siguen o camiño do Sol e teñen claro que aquí, na nosa Galicia ancestral, especialmente, é onde se acaba o mundo, a terra. E desde este fin do mundo é onde se pode ver afundirse o Sol no mar, morrer.

Si, porque o Sol morría, pero tamén resucitaba ó día seguinte. Ese era o gran misterio e ese era o camiño que as almas, despois da morte, querían seguir para resucitar o mesmo que o Sol, collendo aquí, nas nosas praias galegas, entendidas como ‘areas do paraíso’, a barca que as levaría ás Illas dos Benaventurados.

Este é un mito potentísimimo que, con matices varios, atravesa as culturas antigas de Eurasia e norte de África. Sobre ese entarimado, baseado nunha xeografía mítica, constrúense os elementos básicos de numerosas relixións que procuran resolver o gran problema: o da esperada vida despois da morte, a resurrección. E nese problema non hai mellor metáfora que a do Sol, morrendo e resucitando todos os días ou declinando en Inverno, cando a xente morre máis, e resucitando en Primavera cando as plantas e a vida toda renace.

O Zodíaco, nas culturas antigas era unha maneira de explicar o cambio das doce constelacións ó longo do ano. E explicábase a través de doce escenas teatrais celestes, xeralmente de loita. No mundo grego e despois romano, esas doce escenas foron os famosos doce traballos de Hércules, un heroe deus solar. E sabemos que algúns dos últimos traballos, como non podía ser doutra maneira, teñen lugar no extremo occidente, en Galicia: 10º, roubar o gando de Xerión; 11º, roubar as mazás de ouro do xardín das Hespérides; e 12º, capturar ó can Cerbeiro e sacalo do Inframundo.

No caso de Xerión, un deus de tres cabezas, como o deus celta tricéfalo, dá a impresión que é unha escena na que se amosa ó heroe-deus da cultura vencedora aniquilando ó deus celta dos vencidos onde hoxe está a Torre de Hércules.

Pero o importante é que existiu un camiño documentado nos escritores clásicos, chamado Camiño de Aníbal, Vía Exterior... e no ano 124 Polibio denomínaa VÍA HERCÚLEA que, segundo parece costeaba gran parte do Mediterráneo e como VÍA HERACLEA coñecemos a máis importante calzada que percorría Hispania e que comunicaba Italia coa Península Ibérica.

Paralelamente, César dinos que o deus máis importante das Galias é Mercurio, protector dos camiñantes, psicopompo, é dicir, acompañante das almas ó Máis Aló. Porque o porto ó Máis Aló estaba nas praias e santuarios atlánticos das costas europeas. ¿É este o nome do camiño de peregrinación a occidente máis antigo? Pois non, porque resulta que Claudio Eliano, un autor romano do s. II-III di literalmente:

Aristóteles afirma que as columnas que hoxe chamamos de Heracles, antes de recibir este nome tiñan o de Columnas de Briareo. Pero cando Heracles purificou a terra e o mar, converténdose no benfeitor indiscutido da humanidade, na súa honra, deixaron de conceder importancia á memoria de Briareo e deron ás columnas o nome de Heracles (Claudio Eliano, *Historias curiosas*, V, 3) (PENA & ERIAS, *Anuario Brigantino* 2006): «O ancestral Camiño de peregrinación ó Fin do Mundo: na procura do deus do Alén, Briareo / Berobreo / Breogán / Hércules / Santiago...».

Polo tanto, xa temos un camiño anterior ó Heracleo, este camiño de Briareo, que viña por terra, pero tamén por mar. E resulta que no Facho de Donón apareceron varios centos de aras en forma de estelas funerarias co nome de «Berobreo», que consideramos é o mesmo deus Briareo. Isto que significa? Pois que os gregos, desde as primeiras viaxes que fixeron a Galicia na procura de estaño, ademais do metal levaron elementos culturais, como este deus celta ligado ó paso ó Mais Aló; digamos, un deus das portas, similar ó Xano romano ou ó San Pedro cristiano.

Teñamos en conta que no porto exterior da Coruña o que parecía que era un castro, agora destruído, pero publicado (Cano, Gómez, *Anuario Brigantino 2010*), era en realidade unha factoría de fundición de bronce e de plomo, en plena actividade antes da existencia dos castros en Galicia, entre o s. IX e o VI aC. Quere iso dicir que na Arqueoloxía galega, falta de criterio e de prioridades, deberíase priorizar o estudo dos santuarios, factorías e asentamentos costeiros, porque explicarían relacións culturais insospeitadas e axudarían a comprender isto que chamamos Europa. Chegariamos moi probablemente a ver que, ademais do estaño para facer bronce, Galicia influíu na conformación da arquitectura mental mediterránea que logo sería europea, de Asia Menor e norteafricana cos romanos. Lembremos que aquí estaba o río Lethes ou río do esquecemento, probablemente o Limia (ó que se negaban a atravesar as tropas de Décimo Xunio Bruto). Galicia era para os mitos clásicos non só o Fin do Mundo, senon o Outro Mundo en certa maneira.

As relixións nacen, medran e desaparecen como todo: son produtos culturais humanos. Pero tenden a reproducirse dalgún xeito: resístense a desaparecer. Por exemplo, se preguntamos se hai nalgures quen faga culto ó deus creador solar romano Xano ou a Helios ou a Apolo, diremos que ninguén. Pero se pensamos que Xesucristo se define como Sol de Xustiza e se ollamos as claves de bóveda de igrexas e catedrais medievais, comprobaremos que están poboadas de referencias solares. Mesmo en Santa María do Azougue en Betanzos, a clave de bóveda da ábsida, enriba do sacerdote que di a Misa, ten a imaxe do deus romano Xano, coas dúas caras: un Xano rodeado de raios solares que á súa vez está enmarcado por un cordón franciscano, porque San Francisco asimílase a Cristo. Todo se une aquí, o Sol, Xano, Cristo e San Francisco.

A partir destas referencias antigas, xa sabemos o que di a lenda xacobeá que se forma arredor do s. IX e que se compón de tres mitos esenciais en un: 1) a predicación en Hispania; 2) a «*translatio*» do seu corpo desde Galilea a Galicia; e 3) a revelación da súa tumba en Compostela. Desde ese tempo, pasan os séculos e peregrinos de todo o mundo, pero sobre todo europeos, volven percorrer o Camiño de Occidente, o do Sol, o da Resurrección. Esta vez a meta é Compostela.



O CAMIÑO MARIÑÁN. En verde, o estudiado por Francisco Vales Villamarín arredor de 1950. En ocre, a proposta de Vedoreira. E en azul, unha alternativa cara o pazo de Mariñán.

## NA PROCURA DO «CAMIÑO MARIÑÁN»

Para recoñecer este camiño hoxe, tivemos que percorrelo varias veces. Deste xeito, tendo en conta o proposto por Vales Villamarín, podemos considerar alternativas puntuais que poden resultar particularmente interesantes desde o punto de vista patrimonial.

Empecemos por ver o percorrido de Vales Villamarín:

*Comenzaba uno de estos itinerarios en el cercano puertecito de **Fontán**, lugar fortificado a principios del siglo XVIII, donde desembarcaban numerosos contingentes de peregrinos extranjeros, especialmente ingleses e irlandeses. Seguía por la industriosa y risueña villa de **Sada** -cuya localidad, perteneciente un tiempo a la jurisdicción de Miraflores, en las Mariñas dos Condes, sería utilizada también como etapa final de la ruta marítima- y por la llamada **Costa de Ouces**, en la carretera que pasa por Armuño...*

*Continuaba el camino por las aldeas de **Mesoiro**, el **Casal** y **Río**..., perfilándose a cierta distancia el "altivo e forte" **castro da Fragachán o de Reboredo**... A **Areosa** seguidamente, con el idílico rinconcito de **Bergondiño**... a mano derecha, y a la izquierda, el **castro de Bergondo** o "**Monte do Frade**"... Pasa la calzada bordeando el atrio o compás de la **iglesia parroquial de San Salvador de Bergondo** -Burgundium en los documentos medievales-, monumento de extraordinario valor arqueológico, que formó parte, como se sabe, del desaparecido monasterio benedictino de igual nombre y que tan magistralmente estudió y describió, en diferentes ocasiones, nuestro ilustre presidente, señor Del Castillo, considerándolo, con gran acierto, "como uno de los ejemplares más completos e importantes, en su tipo, de la arquitectura románica gallega"...*



*Prosigue la senda a lo largo del muro anterior del antiguo cementerio bergondense, y salvando, a pocos pasos, la **carretera de Santa Marta de Babío**, intérnase en el lugar de **Leiras**, recibiendo aquí la denominación de "**Camiño dos mouros**". Próximo a éste y hacia la izquierda, álzase otra prerromana fortificación, perfectamente acusada, divisándose a la misma mano y como a un tiro de fusil, el **castro de Montecelo**, peremne vigilante de esa ría de ensueño, cual es la brigantina, a cuyas tranquilas aguas, pleno de gozo y ufanía, se asoma con su barroco ropaje, el venerable Pazo de Mariñán, recoleta morada tiempos atrás de muy significadas familias galaicas.*

*De la aldea de Leiras pasaba la famosa ruta a **Carrío**, y de aquí al sugestivo caserío de **Miodelo**, siguiendo en este último tramo el trazado de la **actual carretera de Sada a Betanzos**. Desde dicho punto torcía hacia la derecha, penetrando en la feligresía de **Santa María de Pontellas**, perteneciente al municipio brigantino, después de cruzar el ... **río Randulphi**, de muy exiguo caudal en este lugar. En terreno elevado y no muy lejos del camino, encuéntrase el templo correspondiente a la citada parroquia, humildísimo, de estilo románico rural, alterado en gran parte por las reformas llevadas a cabo en diversas épocas. Es de indudable interés una imagen de la Virgen titular, medieval, tallada en madera y policromada...*

*Salvado un ligero repecho, entraban los romeros en la ancha y umbrosa vereda de **Illobre**, columbrándose a su diestra el alteroso **castro de Pontellas**, de espléndido horizonte, y en cuyas proximidades uno de los condes de Taboada -si no nos equivocamos- hubo de levantar en el pasado siglo magnífica residencia estival, torreada, donde se custodian los retratos de algunos de sus más caracterizados deudos... Contiguo a ella álzase el santuario de **Nuestra Señora de las Angustias**, construido en el segundo tercio del siglo XVIII con el producto de limosnas, al igual que el de los Remedios.*

*A partir del santuario, la vía francígena desciende por los ubérrimos agros de la **Condomiña** o Condomiñas -Condominia de Ilioure, en escritura del primer tercio del siglo XI- hasta el **barrio de la Magdalena** -casi ya a las puertas de la urbe brigantina-, donde, entre típicos alfares, de noble solera, se alza la modesta capillita de ese nombre, de fines del XVIII y notablemente modificada en la pasada centuria, resto único del desaparecido hospital de lazarados contiguo a la misma y del cual eran patronos los miembros de la corporación municipal.*

*Esta leprosería gozó durante mucho tiempo del privilegio de percibir, "libre e pacíficamente", como limosna, de todos cuantos navíos o fustas entrasen con sal en la ciudad de Betanzos o en su término y jurisdicción, una fanega de dicho producto, para su mantenimiento, merced confirmada por Enrique IV de Castilla en el año 1457 y por los Reyes Católicos en 1480.*

VALES VILLAMARÍN, Francisco, (2002): «Las antiguas rutas jacobeanas del territorio brigantino (1º, 2º y 3º itinerarios): Ligera ojeada sobre las principales sendas santiaguistas del territorio brigantino». *Anuario Brigantino*.

Este camiño de Vales Villamarín planea todo o posible e resulta axeitado para transporte de tracción animal. É, por iso, a ruta máis curta, pero non a máis interesante patrimonialmente, con criterios actuais.



*Empezamos o camiño. Desembarcamos no porto deportivo de Sada e subimos as escaleiras. Visitamos o CASTELO DE FONTÁN e a súa CALA.*

## 1º TRAMO: DE FONTÁN Á COSTA DE OUCES

Hoxe en día, se viñeramos en barco, empezariamos no porto deportivo de Sada e non en Fontán, como en tempos de Vales. Chegariamos ao lugar de inicio do camiño en Fontán baixo as escaleiras de madeira, elemento vistoso, visible na paisaxe e doado de atopar. Enriba, viramos á dereita para facerlle unha visita ás ruínas do Castelo de Fontán e á pequena cala aos seus pés.



*En Fontán aínda podemos ver algunhas casas populares antigas e un fermoso hórreo.*

Desandamos este pequeno paseo e atravesamos Fontán cara a Sada.

Fontán é un típico pobo mariñeiro, único na Reserva da Biosfera e só comparable a Redes na outra punta da Ría de Betanzos. Aínda podemos ver casas populares antigas que nos lembran a vida desta xente décadas atrás.

O vello e precioso hórreo recórdanos que xunto á pesca estivo sempre a agricultura na que era fundamental o cultivo e ulterior conservación dos cereais, que debían gardarse secos, pero aireados e defendido dos ratos. O seu propietario merecería unha axuda para a súa conservación.





*En «Sada Darriba», con fermosas vistas, atopamos un cruceiro, unha igrexa moi reformada e unha casa cun escudo.*

Cruzamos a estrada a Lorbé e chegamos a «SADA DARRIBA».

Pasamos diante da igrexa, escasa en valores patrimoniais e completamente reformada.

Desde o cruceiro temos unhas vistas maravillosas da Ría.

Á esquerda quédanos unha casa brasonada.





*Vistas aéreas de Sada. Na de abaixo, o tesouro ecolóxico das BRAÑAS.*

Xa en «Sada Dabaixo» podemos seguir á esquerda polo centro da vila, ver a capela de San Roque (santo peregrino), hoxe municipal, facer unha pequena pausa, disfrutar da gastronomía local, visitar a famosa Terraza ou ir á praia.





*Vista aérea de Sada e o seu edificio máis emblemático:  
a TERRAZA modernista. Foto: <https://commons.wikimedia.org>.  
Saíndo da vila, ruínas do pazo de Oureiro.*

Tamén poderíamos seguir de fronte e ir disfrutar das Brañas.  
En calquera caso, á saída da vila e antes de subir a Costa de Ouces, está o pazo de Oureiro, á esquerda, na estrada de Armuño.



## 2º TRAMO: DA COSTA DE OUCES A S. SALVADOR DE BERGONDO

Aquí desvíamonos da ruta de Vales e baixamos por A Lagoa e Ouces nun tramo con vellas casonas e antigos pazos, nos que asombran os espectaculares xardíns cheos de árbores exóticas.

E para afirmar o sentido xacobeo do camiño, atopamos na entrada dun destes pazos, convertido en hostel, uns relevos en pedra non moi antigos polo que parece, coa imaxe do rei David, imitando ó da porta de Praterías da catedral de Santiago, e unha escena da *translatio*.

Antes de chegar a San Xoán de Ouces, vemos ó lonxe o castro de Reboredo. Logo enfiaremos o camiño cara a Bergondo.







*Chegamos a San Xoán de Ouces.*







*Detalles do exterior da igrexa de San Xoán de Ouces. Ese e outros bancos de pedra que alí hai recórdannos o lateral de laudas sepulcrais de Betanzos, Monfero e Sobrado da primeira metade do s. XV. ¿De onde proceden?*



*Sepulcro monumental do crego Fernán Pérez de Ouces (1287).*

Na igrexa de Ouces atopamos o sepulcro monumental do seu promotor, o crego Fernán Pérez de Ouces que sigue modelos composteláns do s. XIII (catedral, Santa María do Sar): E(ra) : MCCCXXV AQ(u) I IAZ : FERNAN / P(ére)Z : DE O(u)CES : Q(u) I FECIT : ISTAM : ECLE/SIAM : PVLA SV ALMA : PATER : NOS(ter). É dicir: ‘era 1325 [ano 1287], aquí xace Fernán Pérez de Ouces, que fixo esta igrexa; un Pai Noso pola súa alma’ (Erias, 2014, *Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos...*).

*Santiago Peregrino sedente  
na igrexa de San Xoán de  
Ouces. Sigue modelos moi  
difundidos na primeira  
metade do s. XVIII.*





*Sepultura do filósofo e gran erudito Xoán Vicente Viqueira no cemiterio civil da igrexa de San Xoán de Ouces.*





*Igrexa e mosteiro beneditino  
de San Salvador  
de Bergondo.*



*Porta principal, porta norte e porta sur que dá ó mosteiro.*

A igrexa e mosteiro abacial de San Salvador de Bergondo (*Burgundium*) xa existía en 1138, cando rexía o abade Recendus. Alfonso X é o seu protector desde 1256. No 1328 arde o mosteiro e destrúese parte da igrexa. No 1370 o conxunto pasa a formar parte da xurisdición de Betanzos. No 1380 Juan I ordena a Fernán Pérez de Andrade que libere o couto do mosteiro; sen embargo, por esas datas, Andrade reconstruíu os edificios, como se demostra na igrexa (algúns capiteis e arcos característicos, similares os das igrexas góticas de Betanzos) e no mosteiro que, a xulgar por unha basa que alí se conserva e por restos de columnas pareadas, tivo un claustro similar ó de San Francisco de Betanzos. Falta saber onde están as demais basas e capiteis.



*Capelas absidais románicas  
(s. XII) con rosetón e cruz  
sobre o porco bravo da  
reforma de Fernán Pérez  
de Andrade (s. XIV).*





*Interior da igrexa de San Salvador de Bergondo.*



*Dous capiteis románicos (s. XII) e un gótico da época de Fernán Pérez de Andrade (s. XIV).*



*Basa e columnas pareadas do claustro do mosteiro, construído por Fernán Pérez de Andrade na segunda metade do s. XIV. E porta gótica (s. XV) do mosteiro.*



*Diversos sepulcros na igrexa de San Salvador de Bergondo.*

*É espectacular a lauda dun abade da segunda metade do s. XIV ou primeira do XV, situada no chan da ábsida, lado do evanxeo.*

*A lauda que presenta un cáliz, flanqueado por dúas espadas, dátase en 1472.*

*Sepulcro, baixo arcosolio, con escudos (s. XV) e sen representación do finado.*





Despedímonos de Bergondo, ollando dous peregrinos dun retablo, quizais do s. XVIII (Santiago e San Roque), e mollando os dedos nas singulares pías de auga bendita: unha delas imita á vieira xacobeá.



*As marismas da Ría de Betanzos vistas desde os xardíns do Pazo de Mariñán cara a Betanzos.*

### 3º TRAMO: DE BERGONDO A MIODELO

Vexamos primeiro a **ruta azul** como alternativa.

Sáímos da igrexa e mosteiro de San Salvador de Bergondo e imos cara a igrexa de San Cidre, pasando así por diante das panaderías e dos establecementos hostaleiros da zona para non perdernos as súas delicias gastronómicas.

Logo de cruzar a estrada da Coruña, seguimos a de Betanzos para baixar ata o pazo de Mariñán, sorprendernos cos seus increíbles xardíns de estilo francés e coa riqueza natural que podemos ver por todas partes á beira da Ría de Betanzos e en especial desde o Observatorio Ornitológico.

Aquí a ruta azul conecta co **Roteiro Mariñán**, bordeando as marismas do Mandeo, integradas na **Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo**. E así seguimos ata Miodelo.





*En calquera momento nos atopamos coa marabillosa vista do elevado «Castro» (en Illobre, San Pedro das Viñas) e mesmo da capital da antiga provincia de todas estas terras que vimos atravesando: Betanzos.*

A **ruta amarela** en lugar de atravesar leiras vai polo **Camiño dos Mouros** (que cita Vales Villamarín), así chamado polo lugar dos **Castros**, un típico poboado fortificado da Idade do Ferro que ben vale a pena visitar.

Cruzamos a estrada Sada-Betanzos e seguimos por zona verde entre corredeiras frondosas. E así chegamos a Miodelo.







#### 4º TRAMO: DE MIODELO A BETANZOS

Despois de descansar á beira da fonte e do rigueiro de Míodelo, subimos cara a Castro-Pontellas por un camiño cheo de vexetación e de maxia, con vistas maravillosas ao lonxe cando menos o esperamos. A Ría e Betanzos pódense aparecer en calquera momento.



Cando chegamos á igrexa románica de Santa María de Pontellas, é bo mirar cara atrás para ver a Ría de Betanzos e a vida que nela se desborda. Logo quizais haxa quen queira ollar a igrexa e especialmente a Virxe románica (repintada de xeito inxenuo) que nela hai. Despois, continuaremos o camiño cara a Illobre.







*A medida que nos achegamos ao Santuario da Angustia as vistas son tan fermosas e máxicas que nos deixan sen fala. Betanzos chama por nós.*







*Santuario neobarroco da Quinta Angustia en Illobre  
(San Pedro das Viñas, Betanzos).*



Desde a Angustia baixamos polo fondo en antigo Camiño da Condomiña, que tamén se chamou Camiño Real, que ía cara a Coruña antes de que se cambiase o trazado principal no s. XVIII.

Imos deixando algunha fermosa escaleira de pedra á dereita, que sube ás leiras, e á esquerda atopámonos cunha serie de casas de fonda raigame: trátase das «casetas» do Hospital de Lazarados, fundado por Fernán Pérez de Andrade no s. XIV e que aínda funcionaba no s. XIX. E esa xente afastada vivía aquí, á beira do camiño, porque se sustentaba das esmolos dos viandantes.





Pasamos por diante das «casetas» do antigo Hospital de Lazarados. Aínda hoxe se venera ó apestado San Lázaro (foto: Veiga) na capela do barrio.





A «**Fábrica de Curtidos La Magdalena**», da Familia Etcheverría, funcionou boa parte do s. XIX e ata 1914. Na Guerra Civil de 1936-1939 foi **campo de concentración** e alí estiveron moitos presos políticos vascos e cataláns, sobre todo; entre eles, **Vicente Ferrer** (foto de autor descoñecido). No medio de tanta ruína aínda vemos o pouco que queda do antigo edificio do **lagar** do Hospital e, logo, do barrio obreiro.



Procedente do desaparecido mosteiro de San Francisco, consérvase no Museo das Mariñas esta xoia: un Santiago Peregrino do s. XIV que remite á imaxe dos pobres e peregrinos das *Cantigas* de Alfonso X (s. XIII).


Peregrino e peregrina nun capitel da parede norte, debaixo do coro, da igrexa de San Francisco (arredor de 1498).



Santiago Peregrino (s. XIV), formando parte dun apostolado da ábsida de San Francisco.







Andrade entre *green men*. Porta occidental da igrexa de S. Francisco.



*Green men* ou homes verdes, positivos e negativos, na igrexa de San Francisco.







Nun capitel da ábsida da igrexa de Santiago vemos o cabalo do Apóstolo e a el representado de dúas maneiras: como cabaleiro (detrás) e como peregrino (diante). Á dereita, a impresionante porta occidental. Debaixo, peregrino entre a tentación e o Paraíso nun capitel da mesma igrexa.





Os peregrinos antigos cruzaban a Porta Sur ou do Perdón da igrexa de Santiago e cando miraban cara atrás vían este extraordinario tímpano do s. XIV coa imaxe de Cristo resucitado detrás do sepulcro (no que se representan os instrumentos da Paixón), á beira da Virxe, de María Magdalena e de outras mulleres (Erias, 2014, *Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos...*).



Nun capitel da porta occidental da igrexa de Santa María do Azougue un peregrino quíttalle a espiña dun pé a outro. É unha versión dun tema clásico: aquel en que o deus Pan lle quita a espiña a un sátiro. Agora xa podemos seguir camiñando cara a Santiago polo Camiño Inglés onde nos atoparemos con **castros, igrexas, pazos** e coa imaxe de numerosos galegos da Idade Media no **Mesón-Museo Xente no Camiño de Presedo** (Abegondo).